


2021  
2022



FORMACIÓN  
PROFESIONAL



Familia profesional

# Informática e comunicacións

o futuro  
nas túas mans

XUNTA DE GALICIA

# CB Informática de oficina

## Ciclo formativo de grao básico Título LOE

Perfil profesional	Duración
	<b>2.000 horas</b>

**Que se aprende a facer?** Realizar operacións auxiliares de montaxe e mantemento de sistemas microinformáticos, periféricos e redes de comunicación de datos, e de tratamento, reprodución e arquivamento de documentos, operando coa calidade indicada e en condicións de seguridade e de protección ambiental, con responsabilidade e iniciativa persoal, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalguna lingua estranxeira.

**En que ámbitos se traballa?** Actividades por conta allea en empresas dedicadas á comercialización, á montaxe, ao mantemento e á reparación de sistemas microinformáticos e de equipamentos eléctricos ou electrónicos, e en empresas que utilicen sistemas informáticos, para a súa xestión.

**Que ocupacións se desempeñan?** Axudante de montador/a de sistemas microinformáticos; axudante de mantemento de sistemas informáticos; axudante de instalador/a de sistemas informáticos; axudante de instalador/a de sistemas para transmisión de datos; auxiliar de oficina; auxiliar de servizos xerais; gravador/a-verificador/a de datos; auxiliar de dixitalización; operador/a documental.

**Cales son os módulos deste ciclo?** Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP3009	Ciencias aplicadas I	175
1º	MP3011	Comunicación e sociedade I	206
1º	MP3029	<b>Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos</b>	296
1º	MP3031	<b>Ofimática e arquivamento de documentos</b>	233
2º	MP3019	Ciencias aplicadas II	162
2º	MP3012	Comunicación e sociedade II	135
2º	MP3033	Formación en centros de traballo	320
2º	MP3016	<b>Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos</b>	206
2º	MP3030	<b>Operacións auxiliares para a configuración e a explotación</b>	205

**Nota.** No primeiro curso dedicaranse 35 horas á titoría, e 27 horas no segundo curso. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

**Que título se obtén?** Profesional básico en Informática de oficina.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables	
MP3031	Ofimática e arquivamento de documentos.	UC0971_1	Realizar operacións auxiliares de reprodución e arquivamento en soporte convencional ou informático.
		UC0974_1	Realizar operacións básicas de tratamento de datos e textos, e confección de documentación.
MP3016	Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos.	UC1207_1	Realizar operacións auxiliares de montaxe de equipamentos microinformáticos.
MP3029	Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.	UC1208_1	Realizar operacións auxiliares de mantemento de sistemas microinformáticos.
MP3030	Operacións auxiliares para a configuración e a explotación.	UC1209_1	Realizar operacións auxiliares con tecnoloxías da información e da comunicación.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC0971_1	Realizar operacións auxiliares de reprodución e arquivamento en soporte convencional ou informático.	MP3031	Ofimática e arquivamento de documentos.
UC0974_1	Realizar operacións básicas de tratamento de datos e textos, e confección de documentación.		
UC1207_1	Realizar operacións auxiliares de montaxe de equipamentos microinformáticos.	MP3016	Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos.
UC1208_1	Realizar operacións auxiliares de mantemento de sistemas microinformáticos.	MP3029	Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.
UC1209_1	Realizar operacións auxiliares con tecnoloxías da información e da comunicación.	MP3030	Operacións auxiliares para a configuración e a explotación.



## Onde informarse

### Portal Educativo de Formación Profesional:

[www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp)

### Síguenos en:



[facebook.com/fpgalicia](https://facebook.com/fpgalicia)



[twitter.com/fpgalicia](https://twitter.com/fpgalicia)



[instagram.com/fpgalicia](https://instagram.com/fpgalicia)

#FPGalicia

#FPDualGalicia

@fpgalicia

## Departamentos de orientación dos centros educativos

### Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional

Subdirección Xeral de Formación Profesional

Edificio administrativo de San Caetano

**Santiago de Compostela**

[sxpf@edu.xunta.gal](mailto:sxpf@edu.xunta.gal)



Union Europea  
NextGenerationEU



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O CSC ambición dos nos Galizos"



GOBERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE EDUCACION  
Y FORMACION PROFESIONAL

galiçia



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA